

Explique a crise do vello réxime absolutista e de privilexios estamentais en España partindo da análise do contido dos seguintes documentos e comparando o sistema político establecido polas Cortes gaditanas (decretos abolicionistas e Constitución de 1812) coa restauración da Monarquía Absoluta durante o reinado de Fernando VII. Saliente as consecuencias deses procesos para a sociedade española da época.

Doc. 1: Inquedanzas provocadas pola Revolución Francesa na familia real española (Memorias de Godoy).
“O rei Carlos IV e María Luisa recibían diariamente unha grande impresión con cada noticia nova do que acontecía en Francia [...] das desgrazas do rei Luís XVI, da raíña María Antonieta e da súa infortunada familia (...) As alteracións de Francia eran cada día máis graves; o perigo de contaxio cada vez máis ameazador”.

Doc. 2: Abdicación de Carlos IV no seu fillo (Aranjuez, 19 de marzo de 1808).

“Como os achaques que padezo non me permiten soportar por máis tempo o grave peso do goberno dos meus reinos (...) Determinei, despois da máis seria deliberación, abdicar a miña coroa no meu herdeiro e moi caro fillo o Príncipe de Asturias. Polo tanto, é a miña real vontade que sexa recoñecido e obedecido como Rei e señor natural de todos os meus reinos e dominios. E para que este o meu real decreto de libre e espontánea abdicación teña o seu exacto e debido cumprimento, comunicareino ao Consello e demais a quen corresponda”.

Doc. 3: Proclama da Xunta Suprema do reino de Galicia (A Coruña, 5-VI-1808).

“Galegos: chorastes a sorte do voso amable Fernando; arde nos vosos corazóns o horror á perfidia coa que foi seducido, temedes pola vosa sagrada relixión (...) Correde pois ás armas, vamos defender a causa de Deus, o honor da nosa Patria, as nosas vidas e facendas (...) Galegos de dez a corenta anos: alistádevos!, pois mellor é morrer pola vosa relixión e os vosos fogares e a vosa Patria, ca ir cegos ao matadoiro por satisfacer unha ambición desmesurada”.

Docto. 4: extraído de J. de la Cueva Merino (2018), “La religión, en Álvarez Junco, J. e Shubert, A., *Nueva historia de la España contemporánea (1808- 2018)*, Barcelona, Galaxia Gutemberg.

“En el imaginario compartido modelado por ese paisaje social y cultural era, pues, perfectamente comprensible la identificación entre catolicismo y nación, con intolerancia de cualquier otra confesión, que proponía la Constitución aprobada en Cádiz en 1812. De hecho, el mismo principio de intolerancia religiosa se contemplaba en la carta constitucional adoptada en Bayona en 1808. En el caso de Cádiz, los legisladores liberales encontraban absolutamente natural que la soberanía que hasta entonces había residido en el Rey católico fuera transferida a la nación católica como nuevo sujeto político. Sin embargo, se debe matizar que el mismo artículo que sancionaba la confesionalidad de la nación, atribuía a ésta –y, por tanto, al Estado– el deber de proteger la religión. O lo que venía a ser lo mismo, reconocía el derecho del poder civil de intervenir en los asuntos de la Iglesia para proceder a su reforma (...)”

Doc. 5: Decreto de anulación da Constitución de 1812 e a obra legislativa das Cortes de Cádiz (1814).

As Cortes, no mesmo día da súa instalación, despoixáronme da soberanía (...) Atribuíndoa nominalmente á nación para apropiála para si eles mesmos e dar a esta, despois sobre tal usurpación, as leis que quixeron; e o que era obra dunha facción, revestíano de vontade xeral. Declaro que o meu real ánimo é non só non xurar a dita Constitución nin ningún decreto, senón o declarar aquela Constitución e tales decretos nulos.

Doc. 6: O xornal *La Atalaya* describe o sucedido en Burgos tras anularse a Constitución (18/05/1814).

“Xunto o pobo coa tropa e a cousa das dez da mañá, arrincáronse do Consistorio as letras douradas que dician *Praza da Constitución*, fíxose unha fogueira e lanzáronse ás chamas coa mesma Constitución e outros papeis dos liberais, cunha xeral aclamación (...). O pobo, xunto coa tropa, comezaron coa maior orde a prender a varios suxeitos (...) Sacouse en público o estandarte da Santa Inquisición e nada sucedeu en desgraza”.

Doc. 7: Manifesto que dirixe a Nación española a Xunta Provincial de Galicia, presidida por Juan Díaz Porlier (1815).

Españois: Obrigados pola necesidade, vendo que a verdade non pode chegar aos oídos do rei, sitiado a toda hora polos seus conselleiros [...] Tomamos a terrible pero indispensable resolución de reclamar coas armas na man o que se negou ás nosas solicitudes.

Doc. 8: Fernando VII acepta a Constitución de Cádiz o 10 de marzo de 1820.

Mentres eu meditaba maduramente [...] Fixéstesme comprender a vosa arela de que se restablecese aquela Constitución que entre o estrondo das armas hostís foi promulgada en Cádiz no ano 1812. Xurei esa Constitución pola que deveciades, e sempre serei o seu máis firme apoio [...] Marchamos francamente, e eu o primeiro, pola senda constitucional.

Doc. 9: Informe remitido ao ministro da Guerra desde Cádiz, *Gaceta de Madrid* (21-III-1820).

“Excmo. Sr. todo o día de hoxe ocupeime en tranquilizar os ánimos exaltados da tropa e parte da oficialidade, que dubidan moito da certeza dos Reais decretos de 6 e 7 do actual (...) relativos á reunión de Cortes o primeiro, e decidirse a xurar o Rei o noso Señor a Constitución política da Monarquía no segundo, recibindo esta tarde outros tres, e entre eles un polo que a Súa Maxestade concede amnistía xeral por razón de opinión (...) A gornición da praza de Cádiz queda decatada das disposicións da súa Maxestade, manifestadas nos citados Reais decretos, (...) e parece estar resolta a obedecelas con toda a submisión que merecen (...) Aínda non escribín a Quiroga nin a Riego o contido dos decretos citados (...) e do resultado darei conta a V.Ex. para o seu goberno e coñecemento da súa Maxestade”.

Doc. 10: O xornal *El Restaurador* valora a presenza do exército francés en España (1/07/1823).

“O mundo ve con asombro un exército francés que atravesa a España entre as aclamacións do máis vivo entusiasmo e que en dous meses dunha marcha triunfal corre desde o Bidasoa ao Manzanares e do Manzanares ao Guadalete para devolverlles aos españois o seu Rei, destronado, aprisionado e cativo por unha minguada facción de españois, reintegrado no goce dos seus antigos sagrados dereitos (...) Os pobos atónitos e desafogando a súa dor co berro nacional de viva Fernando!”